

> Pilar García Negro recibe unha cálida e profunda homenaxe na súa terra natal, Lugo

Pilar García Negro recibe unha cálida e profunda homenaxe na súa terra natal, Lugo

Carmen Basadre participou este sábado nos actos conmemorativos, que arrincaron na Praza de Ferrol co descubrimento dun monolito e a plantación dun magnolio

Tema Cultura e Turismo, Programación cultural, Xuventude, Promoción da lingua
Sábado, 10 de xuño de 2017

Fonte: Gabinete de Prensa

A Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre, participou este sábado nos actos de homenaxe a Pilar García Negro, organizados pola Asociación de Escritores Galegos e Galegas (AELG), coa colaboración do Concello nesta edición, entre outras institucións. A celebración, á que tamén asistiu o presidente e a secretaria deste colectivo, Cesáreo Sánchez e Mercedes Queixas, respectivamente; membros da Corporación, así como a Deputada de Cultura, Pilar

Porto, entre outras autoridades, arrincaron na Praza de Ferrol, onde a homenaxeada xogaba de nena e ía ao colexió, co descubrimento dun monolito e a plantación dun magnolio.

"Luguesa, escritora, política, abandeirada do galego e rosaliana. Así definiu á homenaxeada Carmen Basadre, quen no acto reivindicou á lectura en galego. Así mesmo convidou a empregar "o noso idioma como bandeira dunha cultura propia, e esta cultura propia como definición dun país". Nesta liña tamén insistiron os representantes da AELG, quen recordaron a traxectoria profesional da homenaxeada.

Pola súa banda, García Negro amosouse orgullosa por este agasallo e compartiu as súas vivencias en Lugo de cando era cativa

O monolito, esculpido por Xavier Quijada, reza o seguinte, *Lugo: Cabo do Miño, presidente dos ríos galegos (Carvalho Calero dixit). Cidade cinxida pola Muralla, sinal da nosa historia e do noso futuro. Na luz inextinguíbel de Rosalía de Castro. No eco da música de Xoán Montes. Sempre en galego. Sempre en Galiza.*



Posteriormente, as persoas participantes achegáronse á Casa Consistorial, onde a homenaxeada recibiu a Letra E dos premios *A Escritora na súa Terra*, da AELG; e logo tivo lugar un xantar de confraternidade. En García Negro recae a 23^a edición da homenaxe *A Escritora na súa Terra – Letra E*, unha iniciativa que ten como obxectivo honrar aos escritores e escritoras galegos procurando o contacto directo co autor ou autora, e a implicación persoal na xornada de homenaxe. Esta é a primeira vez que a AELG outorga unha homenaxe a unha ensaísta.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega reúne máis de 415 escritores e escritoras da literatura galega en todas as súas manifestacións. Foi fundada no ano 1980 e traballa a pol da dignificación do oficio de escritor/a, así como da promoción dos autores/as e das súas obras.